



## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN, REALIZADA O 27 DE NOVEMBRO DE 2019

Alcalde-Presidente:

D. Carlos Ladra Brage

Concelleiros/as;

D<sup>a</sup>. Concepción Rodríguez Ferreiro (Gr.Socialista)

D<sup>a</sup>. Diana M<sup>a</sup>. Rodríguez Fernández(Gr.Socialista)

D. Iago Varela Martínez (Gr. BNG)

D<sup>a</sup>. Paula González Grueiro (Gr. BNG)

D<sup>a</sup>. María Eva García Amor (AEC-Gr.Mixto)

D. Manuel González López (Gr. Popular)

D. Javier Fernández Brage (Gr. Popular)

D<sup>a</sup>.M<sup>a</sup>. José Bouza Varela (Gr. Popular)

D. Xosé Manuel Pérez Sardiña (En Marea-Gr.Mixto.

Secretaria-Interventora accidental:

D<sup>a</sup>. Susana Fernández Muiño

No salón de sesións da Casa do Concello de Cabanas, sendo as dezanove horas e trinta minutos, do 27 de novembro de dous mil dezanove, reúnen-se en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, Carlos Ladra Brage, os señores/as concelleiros/as que se relacionan á marxe, ao obxecto de realizar sesión extraordinaria do Pleno da Corporación, coa asistencia da Secretaria-Interventora accidental, dona Susana Fernández Muiño, que da fe do acto.

Unha vez comprobada a existencia de quórum para a válida constitución

do Pleno, o Sr. Presidente declara aberta e pública a sesión, e procédese a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

#### 1. Aprobación, se procede, das actas de sesións anteriores.

O Sr. Alcalde dá a palabra a Secretaria-Interventora accidental que expón que o primeiro punto da orde do día trata da aprobación, se procede, das actas correspondentes ao Pleno ordinario da Corporación, de data 25 de setembro de 2019, e Plenos extraordinarios da Corporación, celebrados en datas 11 e 18 de outubro de 2019, que foron remitidas na documentación da convocatoria do presente Pleno.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, pregunta se alguén ten algo que engadir, non habendo intervencións ao respecto.

A continuación a Presidencia somete a votación a aprobación das actas da sesión ordinaria do Pleno, de datas 25 de setembro de 2019, e actas de sesións extraordinarias do Pleno de datas 11 e 18 de outubro de 2019, resultando 11 votos a favor dos representantes Grupo Popular, Grupo Socialista, Grupo BNG e Grupo Mixto, sendo aprobadas ditas actas por unanimidade.

#### 2. Expediente de modificación de créditos, por suplemento de crédito 22/2019.

O Sr. Alcalde dá a palabra a Secretaria-Interventora accidental que expón que o segundo punto da orde do día trata dun expediente de modificación de créditos por suplemento, 22/2019, cun importe de 106.425,00 euros.





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

Coa notificación da convocatoria remitiuse a memoria-proposta de Alcaldía, na que se explica os aumentos das partidas de gastos a complementar e baixas en partidas de gastos, Providencia de Alcaldía, Certificado de Secretaría-Intervención, relación á consignación orzamentaria, Informe de Secretaría-Intervención e Ditame favorable da Comisión de Contas, Facenda e Persoal, de data 22 de novembro de 2019.

Con rexistro de entrada 2019-E-RE-313, de data 25 de novembro de 2019, o concelleiro de EM (Grupo Mixto), D. Xosé Manuel Pérez Sardiña, presenta escrito no que solicita a incorporación ao expediente do Pleno o requirimento da Dirección Xeral de Política Financeira da Xunta de Galicia, de data 15 de outubro de 2019, en relación ao incumprimento da obriga de aprobar acordos de non dispoñibilidade de créditos e aprobación dun Plan Económico Financeiro 2019-2020.

Mediante Dilixencia de Secretaría, de data 26 de novembro de 2019, achégase aos membros da Corporación copia do requirimento da Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouros e Fondos Europeos, con rexistro de entrada no Concello de Cabanas nº 2019-E-RC-2907, así como escrito presentado polo concelleiro D. Xosé Manuel Pérez Sardiña, procedendo así mesmo á súa inclusión no expediente da convocatoria do Pleno.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, abre unha primeira quenda de intervencións. Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que se recollen a continuación:

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña solicita antes de iniciar o debate aclaración en relación ás partidas do expediente, posto que na Comisión Informativa non se fixo unha relación detallada de cada partida e no Informe de Secretaría fanse consideracións moi xenéricas en relación a gastos en bens correntes e servizos, sen especificar, gastos de persoal, transferencia de capital a realizar ao Concello de Fene e devolución de finanzas; solicita polo exposto que expliquen cal á a finalidade de incrementar estas partidas, así como que se proceda á lectura do escrito da Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouros e Fondos Europeos de data 15 de outubro de 2019.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, responde á aclaración solicitada facendo un resumo dos gastos a financiar nas partidas a complementar, relacionados na orde establecida na Memoria-Proposta de Alcaldía, así como das baixas en partidas de gastos propostas no devandito expediente de modificación de créditos 22/2019.

Rematada a explicación do Sr. Alcalde, a Secretaria-accidental, procede á lectura do escrito da Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouros e Fondos Europeos, con rexistro de entrada no Concello de Cabanas nº 2019-E-RC-2907, de data 15 de outubro de 2019.

Rematada a lectura de dito escrito, o Sr. Alcalde, Ladra Brage, abre unha primeira quenda de intervencións. Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que se recollen a continuación:

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, manifesta que á vista da explicación do expediente de modificación de créditos proposta, en canto á partida de infraestrutura viaria, subscribe que tiveron tempo suficiente para non ter que detraer contía da mesma, tal





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

e como se atopan os camiños municipais e das propostas realizadas sobre a situación dos camiños.

Sorpréndelles que se minore esta partida, coas necesidades que hai, cando existen outras como protocolo, publicidade propaganda, entre outras que si son prescindibles en canto a gastos. Recorda que a atención dos camiños municipais é un dos servizos obrigatorios que corresponden ás administracións locais.

En canto aos incrementos propostos sorpréndelles que no expediente non haxa ningún tipo de reparo en canto a facturas sen dispoñibilidade de crédito; xa advertiron na anterior modificación de crédito que a execución do orzamento traía pouco incremento de ingresos e que se incrementaban bastante os gastos.

En canto á realización do Plan Económico Financeiro, non sabemos cando solicitaron á Deputación da Coruña o apoio, considerándoo relevante, nin os prazos para cumprir á solicitude do Plan Económico Financeiro, porque non se nos informa, nin se nos informa das consecuencias do incumprimento do artigo 26 da lei de Estabilidade Orzamentaria, entre elas, en última instancia, a disolución da corporación.

Manifesta que é unha mágoa que non fixeran ese PEF en prazo, porque permitiríanos incrementar o límite de gasto de 2.094.714,75 euros.

Saben que se enviaron as liñas xerais do orzamento ao Estado e tampouco expuxeron nada en relación ao orzamento do ano que ven.

A concelleira do Grupo Popular, Sra. Arias Martínez, manifesta que non se van a opoñer á modificación de crédito, que entenden que é necesaria para pagar as facturas dos autónomos e empresas que están pendentes.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, informa que desde o mes de setembro estase a traballar conxuntamente coa Deputación Provincial para a adopción do PEF; manifesta que á vista do estado de execución e das transferencias finalistas recibidas non considera que vaia haber problemas de incumprimento, e que antes de que remate o ano someterase un acordo ao respecto ao Pleno. Prosigue a intervención dicindo que a situación pode cambiar de aquí a decembro, pero que están facendo un esforzo en reducir gastos.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, abre unha segunda quenda de intervencións. Non existindo intervención algunha ao respecto, a Presidencia somete a votación a proposta, resultando seis votos a favor dos representantes, Grupo Socialista, Grupo BNG e concelleira de AEC (Grupo Mixto), ningún voto en contra, e cinco abstencións dos representantes do Grupo Popular e concelleiro de EM (Grupo Mixto), quedando aprobada a modificación de crédito.

### **3. Proposta institucional do Concello de Cabanas en relación ao 25N.**

O Sr. Alcalde dá a palabra á concelleira do Grupo BNG, Sra. González Grueiro, que procede á lectura da proposta institucional do Concello de Cabanas en relación ao 25N:





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

### **“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE CABANAS CON MOTIVO DO 25N.**

*Cada 25 de novembro os titulares, os minutos de silencio e as declaracións institucionais lembran a vixencia da violencia machista e do sistema patriarcal. Así mesmo, o feminismo galego volta saír á rúa como cada vez que somos asasinadas ou agredidas.*

*A violencia machista exercida contra as mulleres é un problema de primeira orde, contrario aos dereitos humanos e que a escala mundial representa un auténtico xenocidio e diante do que os titulares, minutos de silencio e declaracións institucionais de cada 25 de novembro son insuficientes.*

*Historicamente a violencia ten sido minimizada, ocultada e invisibilizada e os avances que temos dado responden á capacidade transformadora do feminismo e dos movementos de mulleres en Galiza e no resto do mundo. Nos últimos anos asistimos a mobilizacións históricas en Galiza que dan cumprida conta da fartura diante dunha situación que é insostíbel. Nos últimos anos as respostas aos feminicidios que impulsa o feminismo galego teñen aumentado en número de convocatorias e en asistencia. Así mesmo, asistimos a dúas folgas históricas no 8 de marzo de 2018 e 2019 que superaron toda expectativa.*

*Se ben é certo que temos dado pasos adiante como sociedade na visibilización da violencia machista, fica moito por facer. É clave aumentar os recursos dispoñíbeis e é clave tamén visibilizar todo tipo de violencias machistas.*

*Un dos debates que o feminismo ten conseguido colocar na axenda pública é o da violencia sexual. Movementos como o #PrimAcoso ou o #MeeToo así como a resposta a casos como o da Manada marcaron un antes e un despois na conciencia colectiva, e deben marcar un antes e un despois tamén na resposta das administracións públicas.*

*É preciso recoñecer a importancia e gravidade das violacións e agresións sexuais na nosa sociedade e a insuficiencia nos recursos de intervención e atención. Segundo datos do propio Consello Xeral do Poder Xudicial hai un 80% de feitos delitivos que non se denuncian. Malia isto, as denuncias teñen experimentado un incremento das agresións e as persoas expertas da cadea xudicial e de atención alertan ademais dun incremento na súa brutalidade.*

*Así mesmo, a Fiscalía Xeral do Estado ten alertado nas súas recentes edicións da Memoria Anual sobre o aumento da violencia e os delitos de natureza sexual entre as persoas máis novas e relaciónao directamente coa preeminencia da pornografía nas redes sociais e como forma de educación e socialización sexual.*

*Galiza está dotada dun amplo marco legal que inclúe a violencia sexual como unha forma de violencia machista desde o ano 2007. Porén, consideramos que as Administracións deben facer un maior esforzo por desenvolver este marco e por adaptar os recursos a todo tipo de violencia. Así mesmo, cómpre recordar que o Estado español ten o compromiso de cumprir o Convenio de Istambul e tamén o propio Pacto de Estado, no que se comprometeu a avanzar nunha definición da violencia machista que supere o enfoque patriarcal e reduccionista que a limita ao ámbito familiar e da parella.*

*É por iso que o Concello de Cabanas, no seu afán por avanzar nesta materia, reafirma hoxe o seu compromiso contra a violencia machista, e se compromete a:*

- *Denunciar que a precarización do traballo das mulleres é violencia machista. As mulleres padecen unha maior temporalidade e salarios miserentos por baixo do SMI, ao tempo que se ven obrigadas*





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

*a realizar tarefas para as cales non foron contratadas e sen dispor dos correspondentes EPIs, e sofren acoso sexual e laboral por razóns de sexo en moitos centros de traballo.*

- *Demandar da Xunta de Galicia o incremento dos recursos económicos destinados a loitar contra a violencia de xénero no proxecto de Orzamentos de 2020, para situalos nun mínimo do 1% do total, e así dotar de suficientes recursos para que se rectifique a liña de incumprimento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención integral da violencia de xénero.*
- *Demandar da Xunta de Galicia a mellora da atención e prevención da violencia machista e, particularmente, da violencia sexual. Para ilo, garantírase a gratuidade da atención xurídica ás vítimas de violencia sexual por ser vítimas de violencia machista; promoverase un programa específico de formación en materia de violencia sexual para todos os ámbitos profesionais que traballan na prevención e atención da violencia machista (sanitarios, policiais, administrativos, educativos...); desenvolverase un protocolo específico de atención á violencia sexual e se impulsarán iniciativas no campo da prevención e sensibilización da mocidade.*
- *Demandar do Goberno do Estado a introdución no marco legal do concepto de consentimento para mellorar a tipificación e tratamento por violación e das agresións sexuais; o impulso á aplicación da directriz do artigo 36 do Convenio de Istambul, que estipula que as autoridades deben adoptar todas as medidas necesarias para garantir que o sexo non consentido sexa tratado sempre como un delito; a modificación da definición estatal de violencia de xénero de acordo co Convenio de Istambul de forma que a violencia sexual sexa recoñecida como tal, como xa fixo a lei galega no ano 2007; o desenvolvemento das actuacións legais de organización necesarias para que os delitos de violencia sexual sexan instruídos nos xulgados exclusivos de violencia machista, e a transferencia a Galicia dos recursos orzamentarios necesarios para esta adaptación.”*

#### **4. Proposta de apoio a Xesús Anxo López Pintos. Grupo BNG; escrito solicitando convocatoria de Pleno para apoiar ao sindicalista Xesús Anxo López Pintos. Concelleiro de EM (Grupo Mixto), D. Xosé Manuel Pérez Sardiña.**

O Sr. Alcalde dá a palabra á Secretaria-Interventora accidental, que informa que por rexistro de entrada nº 2019-E-RC-262, de data 15 de outubro de 2019 ten entrada no Rexistro Xeral do Concello de Cabanas proposta do Grupo BNG de apoio a Xesús Anxo López Pintos; así mesmo, con rexistro de entrada nº 2019-E-RE-300, de data 7 de novembro de 2019, ten entrada no Rexistro Xeral do Concello de Cabanas escrito do concelleiro de EM (Grupo Mixto), D. Xosé Manuel Pérez Sardiña, solicitando convocatoria de Pleno para apoiar ao sindicalista Xesús Anxo López Pintos. Dita proposta foi ditaminada favorablemente na Comisión de Asuntos do Pleno de data 15 de novembro de 2019.

O Sr. Alcalde dá a palabra á concelleira do Grupo BNG, Sra. González Grueiro, que procede á lectura de proposta de apoio a Xesús Anxo López Pintos:

#### ***“Declaración Institucional en apoio de Xesús Anxo López Pintos e demandando a súa absolución***

*Hai sete anos, 04 de outubro de 2012, tiña lugar unha protesta diante do Hotel Almirante en Ferrol. Alí o Partido Popular celebraba o primeiro acto de campaña nas eleccións ao Parlamento de Galicia. Diferentes*





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

*colectivos e sindicatos manifestabámonos na defensa do emprego e a industria na nosa comarca. En especial pola situación de baleiro en Navantia e a ameaza de peche de Poligal, cuxos comités participaron activamente de dita autoconvocatoria.*

*Ao final do acto prodúcense varias cargas policiais que resultaron na detención do compañeiro Pintos, daquela co-secretario da CIG en Ferrol. Traslado á comisaría, alí é obxecto de agresións reiteradas, sendo espancado violentamente e insultado na súa condición de persoa, de sindicalista e no seu pensamento político nacionalista e de clase.*

*Os vindeiros días 12, 13 e 14 de novembro o compañeiro Pintos vai ser xulgado na Audiencia Provincial. A fiscalía solicita para el a pena de dous anos de prisión e a acusación particular exercida por un policía, tres anos. A fiscalía non ten en conta a denuncia por torturas ao considerar que só é a palabra do compañeiro, toda vez que os outros axentes que contemplaron os feitos nin os impediron nin os denunciaron.*

*Unha condena anterior de nove meses, nun conflito do mar defendendo as mariscadoras de Mugardos, sitúa un antecedente que, de ser condenado, significaría o seu ingreso na prisión.*

**E POLO QUE.**

*Este Concello, non só quere amosar a súa solidariedade co compañeiro Pintos, senón demandar a súa absolución, chamando a participar en todos aqueles actos que se convoquen con tal fin, así como, dirixíndose a todos aqueles organismos que sexa necesario para acadar dita absolución.”*

Rematada a lectura da proposta, o Sr. Alcalde, Ladra Brage, abre unha primeira quenda de intervencións. Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que se recollen a continuación:

A concelleira do Grupo Socialista, Sra. Rodríguez Ferreiro, manifesta que desde o Grupo Socialista están de acordo en apoiar ao compañeiro Pintos e o seu voto vai a ser favorable.

A concelleira de AEC (Grupo Mixto), Sra. García Amor, manifesta que desde AEC entenden que os representantes políticos teñen unhas funcións e responsabilidades dentro das que non entra poñer en entredito a labor xudicial, lles gusten máis ou menos as sentenzas; non queren entrar en áreas que non lles corresponde por simpatía ideolóxica, e deixarán que o poder xudicial faga a súa labor.

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, manifesta que no escrito presentado pedían un pleno extraordinario porque o xuízo foi o día 12, no sentido que este Pleno se pronunciase como están a facer outros concellos; apoian a proposta, subliñando a calidade humana do Sr. Pérez Pintos, o seu compromiso social e a inxustiza da lei mordaza, que é a causante de que a día de hoxe teña unha condena.

A concelleira do Grupo Popular, Sra. Arias Martínez, manifesta que desde o Grupo Popular o sentido do voto será en contra e que estarán sempre a favor do que diga a xustiza; confían plenamente no que ditamine a xustiza, e esperarán ao que resolva a Audiencia Provincial, matizando que a separación de poderes é fundamental.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, abre unha segunda quenda de intervencións.





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

A concelleira do Grupo BNG, Sra. González Grueiro, manifesta que a denuncia foi un despropósito desde o primeiro momento; máis alá dos feitos narrados na exposición, que están gravados en vídeo, quere destacar que si esta denuncia foi levada adiante foi polos cambios introducidos no Código Penal polo Partido Popular desde o ano 2015; solidarízanse co compañeiro Pintos e anuncia que recorrerán a sentenza, solicitando a absolución e que se faga xustiza.

A concelleira do Grupo Popular, Sra. Arias Martínez, manifesta que desde o Grupo Popular non pretendemos que non se faga xustiza, simplemente queremos agardar a que a sentenza ditamine aquilo que sexa xusto.

De seguido, a Presidencia somete a votación a proposta de apoio ao Sr. Pintos, resultando seis votos a favor, dos representantes do Grupo Socialista, Grupo BNG e concelleiro de EM (Grupo Mixto), unha abstención da concelleira de AEC (Grupo Mixto) e catro votos en contra dos representantes do Grupo Popular, resultando aprobada a proposta.

### **5. Moción de apoio ao sector mar-industria alimentario da Comarca de Ferrolterra. Grupo Popular.**

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, dá a palabra á Secretaria-Interventora accidental, que informa que con rexistro de entrada nº 2019-E-RC-3091, de data 8 de novembro de 2019, ten entrada no Rexistro Xeral do Concello de Cabanas moción de apoio ao sector mar-industria alimentario da Comarca de Ferrolterra, presentada polo Grupo Popular, e que dita moción foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Asuntos do Pleno de data 15 de novembro de 2019.

De seguindo o Sr. Alcalde, Ladra Brage, dá a palabra á concelleira do Grupo Popular, Sra. Arias Martínez, que dá lectura a moción:

*“Desde o Grupo Popular queremos que se demande ao Goberno do Estado o seguinte.*

*Que se dea traslado á Xunta dun informe exhaustivo sobre todas as condicións que se verían afectadas pola modificación do Regulamento de Costas. En concreto, de todas aquelas que xa non poderían ser obxecto de prórroga algunha.*

*Que de tramitarse unha modificación do Regulamento de Costas se adapte á lei que lle sirve de cobertura e, polo tanto, que se retire na súa redacción actual por non axustarse a dita normativa.*

*E que na nova tramitación que se acometa se dea un prazo axustado de alegacións para que toda a cidadanía e sectores afectados poidan ter coñecemento da modificación e facer alegacións oportunas.*

*En resumo:*

*Que o Goberno debe clarificar a quen afecta a modificación do Regulamento da Lei de Costas. Debe poñer luz e taquígrafos e deixar claras as consecuencias concretas desta modificación.*

*Que a modificación do Regulamento debe ser acorde coa Lei de Costas de 2013 e nunca ir en contra dela, como acontece co cambio que está promovendo o Goberno. Polo tanto, xa que non se axusta solicítase que se retire a modificación que se está tramitando.*





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

*E pídese que se pretende tramitar unha modificación se faga seguindo os trámites axeitados, dando posibilidade aos afectados e interesados de poder manifestarse. Non como se está facendo agora, reducindo os prazos ao máximo e impedindo que se pronuncien no procedemento, alegando unha urxencia que non existe.*

*Vemos unha manobra pola porta de atrás do Goberno e o que traemos hoxe a debate implica unha situación moi grave para Galicia e o que queremos con esta moción é denunciar a actuación do Goberno central que, pola porta de atrás e de xeito totalmente arbitrario, está levando a cabo a modificación urxente do Regulamento de Costas.*

*Estamos ante unha manobra do Goberno do Estado coa que tenta vestir e dar amparo legal a decisións caprichosas como a de allanarse nos procedementos abertos en relación á prórroga da concesión, como por exemplo de Ence, sen ter unha base legal, só cun Informe da Avogacía do Estado.*

*Unha prórroga que cómpre lembrar que foi concedida en 2016 e que contaba co amparo legal do artigo segundo da Lei de Costas e con todos os informes necesarios e avais medioambientais.*

*O que está facendo o Goberno central desde o noso punto de vista é unha interpretación interesada da normativa de Costas coa que, a toda velocidade, tenta dar cobertura xurídica a unha decisión totalmente inxustificada.*

*O Goberno iniciou a tramitación desta modificación sen contar coas Comunidades Autónomas e contravindo unha normativa con rango de lei, só para xustificar a súa postura sobre o allanamento de Ence. De feito, curiosamente, o Goberno central iniciou a modificación do Regulamento o 19 de marzo, só 5 días despois de facerse pública a súa decisión con respecto á concesión da pasteira, xerando unha completa inseguridade xurídica xa que os afectados están a expensas de cambios arbitrarios na lexislación que poidan poñer en risco a súa actividade.*

*A modificación do Regulamento fíxose só con base nun informe da Avogacía do Estado, pero sen fundamento normativo, e polo que se pretende de forma express aprobar unha modificación do Regulamento de Costas que regule que ningunha prórroga extraordinaria pode exceder de 75 anos, incluído o tempo de concesión, e que ningunha prórroga extraordinaria pode beneficiar a instalacións que poidan ubicarse fóra do dominio público marítimo terrestre.*

*Fíxose pola porta de atrás, reitera, e polo trámite de urxencia e dando á Xunta só 7 días hábiles para presentar as súas alegacións, e baixando a só 10 días naturais o prazo de información pública, sendo de 15 días hábiles o establecido na lei, reducindo sen xustificación os trámites que permiten a todos os interesados intervir e opinar nun procedemento que afecta a tantas empresas e postos de traballo en Galicia, unha comunidade con 2.500 quilómetros de costa. A única xustificación da urxencia é que existe unha interpretación xurídica da Avogacía do Estado que atopa incoherencias e incorreccións no Regulamento que poden fundamentar a súa modificación. É obvio que esa non é unha urxencia, senón un motivo que caracteriza toda modificación dunha norma.*

*Entendemos que a modificación en trámite:*

*Primeiro. Resulta contraria á Lei 2/2013; os cambios que se pretenden introducir na modificación do Regulamento da Lei de Costas contraveñen o previsto nunha norma con rango de lei, a Lei 2/2013, do 29 de maio, para as concesións de ocupación de dominio público marítimo terrestre, ao pretender que o prazo*







## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

*concesional extraordinario establecido en 75 anos deberá contabilizarse desde a data inicial da concesión, e non desde cando foi tramitada a súa renovación.*

*Segundo. Non interpreta correctamente o Ditame do Consello de Estado*

*Terceiro. Non interpreta correctamente a sentenza do TC sobre a Lei 2/2013 e implica un cambio arbitrario e contrario á seguridade xurídica no criterio legal que viña mantendo aga agora o executivo central.”*

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, rógalle á concelleira do Grupo Popular, Sra. Arais Martínez, que para a próxima ocasión expoña a moción que ten presentada, pois a lida pola concelleira non se corresponde coa presentada por rexistro de entrada, abrindo de seguindo unha primeira quenda de intervencións. Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que se recollen a continuación:

O concelleiro do Grupo BNG, Sr. Varela Martínez, manifesta que desde o Grupo BNG están en contra da moción por tres aspectos fundamentais; en primeiro lugar por ser unha moción oportunista e en certo punto electoralista; considera que non ten sentido debater isto cun goberno en funcións e cun Congreso sen constituír; habería que agardar a ver si existe algunha proposta de modificación de lei, para a súa avaliación e presentación de propostas ou alegacións; en segundo lugar, porque hai algún aspecto falso: din que a modificación da Lei de Costas afectaría aos campos de cultivo, mais o perigo real para os parques de cultivo non é a Lei de Costas, é o proxecto de lei de acuicultura que constituíe unha ameaza para a acuicultura e o marisqueo tradicionais galegos, que desde o Partido Popular tiveron que retirar pola mobilización social; iso por non falar do resto dos factores de risco para o entorno mariño, que constituíen as políticas do partido popular na Xunta de Galicia: a degradación da calidade das augas, os verquidos urbanos e industriais, as modificacións de cursos e caudais de ríos ou os proxectos de megaminería; en terceiro lugar, porque esta moción foi presentada en toda Galicia, e é unha moción que non é de marisqueo, senón de xustificar a continuidade do seu emprazamento dunha empresa que ocupa 373.000 m<sup>2</sup> de terreos gañados ao mar na ría de Pontevedra, e que hipoteca non só o sistema mariño e toda esa ría senón tamén de todo o monte galego coas plantacións de eucaliptos, cunha política forestal que impón o monocultivo do eucalipto; non van permitir que se xustifique a prórroga de Ence ou que se avale a súa continuidade indefinida, hipotecando o interese público deste país, por defender intereses económicos de membros do partido popular nos consellos de administracións, polo que desde o BNG votaremos en contra da proposta.

A concelleira do Grupo Socialista, Sra. Rodríguez Ferreiro, manifesta que desde o Grupo Socialista entendemos que este proxecto de reforma da Lei de Costas está en elaboración, é susceptible da aportación de melloras; é preciso reforzar a defensa do litoral, recordando que a Xunta de Galicia que gobernaba o Sr. Touriño empezou a defendela impedindo a especulación urbanística na costa; as normas deben ser claras e concisas, sen dar lugar a interpretacións arbitrarias, pero estamos a falar dun proxecto que está en redacción.

Propón cambiar estes puntos da moción que presentan por un único punto que sería:





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

*“Ante o cambio de normativa que se está a facer, que se inste á Xunta de Galicia a que se implique nestes proxectos, tanto a Xunta, como a Consellería de Industria e do Mar”.*

A concelleira de AEC (Grupo Mixto), Sra. García Amor, manifesta que os partidos con representación nacional teñen medios de representación suficiente para levalo ás instancias pertinentes; reitera que xa saben cal é a posición de AEC das mocións que instan a outras administracións; manifesta que hai traballo dabondo neste Concello, para ter que traballar sobre temas non susceptibles de decisións deste Pleno.

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, manifesta que en relación a esta mocións a súa posición non é favorable, porque entenden que neste momento, se hai unha modificación da Lei de Costas, esa modificación vai ter que ter en conta en primeiro lugar o cambio climático; en segundo lugar eliminar privilexios, en canto á posibilidade de asentamento na costa galega e previsión en canto ao desprazamento de moitas instalacións que están nesa costa e que se poden ver afectadas por ese cambio, así como pola subida do nivel do mar. En canto a Cabanas aféctanos o tema do marisqueo. Entón, na ría de Ares, Eume, non habería moitos casos relacionados, e desde o noso punto de vista no consideramos necesario entrar nun debate máis profundo; temos que preocuparnos de conservar o piñeirial, os bancos marisqueiros, que non haxa verquidos do saneamento; a nivel de emprego hai que pensar nun cambio e haberá que tomar iniciativas.

A concelleira do Grupo Popular, Sra. Arias Martínez, manifesta que din que fan política e esta postura xurde dunha interpretación técnica dos servizos xurídicos. Este Regulamento adianta as finalizacións das concesións, recuperando o espírito do bipartito cando quería sacar as bateas e resto de concesións a concurso, descoñecendo con que intereses; esta afectación vai moito máis alá de Ence; estamos ante unha modificación caprichosa do Regulamento de Costas que pon en perigo e xera inseguridade a moitas empresas que traballan día a día en Galicia no ámbito de dominio público marítimo terrestre; esta modificación non só prexudicará a Ence, senón tamén ás concesións anteriores á lei do 2013, que podendo ubicarse legalmente no dominio público marítimo terrestre, como os establecementos de acuicultura, verán reducida a duración da prórroga extraordinaria, e ás concesións anteriores que poidan ter unha ubicación que non sexa necesariamente o dominio público marítimo terrestre, e por tanto xa non poderán solicitar a prórroga; fala de depuradoras, de cetáreas, centros educativos públicos, centros de saúde, conserveiras, industrias e equipamentos públicos instalados nestas zonas.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, abre a segunda quenda de intervencións.

O concelleiro do Grupo BNG, Sr. Varela Martínez, manifesta non sabe porque non queren falar de Ence, xa que antes de marchar Rajoy fixo unha prórroga de Ence en funcións.

A concelleira do Grupo Popular, Sra. Arias Martínez, manifesta que non é que non lles guste falar e Ence, simplemente están a dicir que é moito máis que Ence; ao longo das últimas semanas a Xunta inicio un traballo para coñecer a afección desta modificación nos oitenta concellos costeiros de Galicia, nos 2.500 quilómetros de costa, resultando preto de 5.000 edificacións en Galicia que se verán afectadas, concretamente 4.934, que están íntegra ou





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

parcialmente en zona de dominio público marítimo terrestre, entre as que se atopan empresas, depuradoras, colexios, escolas infantís. Desde a Consellería do Mar tamén se analizou o impacto desta modificación, afectando a máis de cen empresas vinculadas á cadea mar-industria. Reitera que esta modificación xera inseguridade xurídica a máis dun cento de empresas, que non merecen atoparse nesta situación.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, consulta á concelleira do Grupo Popular, Sra. Arias Martínez, e contempla a posibilidade de modificar a moción, como comentou a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Rodríguez Ferreiro na súa intervención. A concelleira do Grupo Popular, Sra. Arias Martínez, non acepta a proposta do Grupo Socialista.

De seguido, a Presidencia somete a votación a moción presentada polo Grupo Popular, resultando catro votos a favor dos representantes do Grupo Popular, seis votos en contra, dos representantes dos representantes do Grupo Socialista, Grupo BNG e concelleiro de EM (Grupo Mixto), e unha abstención da concelleira de AEC, quedando rexeitada a moción.

### **6. Moción sobre a emigración en Galicia, proposta pola entidade Vía Galega, Plataforma para a defensa dos dereitos nacionais de Galiza.**

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, dá a palabra á concelleira do Grupo Socialista, Sra. Rodríguez Fernández, que procede a dar lectura á moción:

#### ***“Moción sobre a emigración en Galicia. Vía Galega.***

*No poema Pra a Habana!, a nosa poeta, Rosalía de Castro, plasmoou con especial sensibilidade o drama da emigración. Un drama non só persoal, senón tamén social e nacional. A emigración provoca desarraigamento, familias rotas e conduce tamén á desertización económica e á perda de horizonte de futuro dun país.*

*156 anos despois da publicación de Cantares Gallegos este drama dista moito de ser unha triste lembranza do noso pasado. Segundo datos do Instituto Galego de Estatística, nos últimos 10 anos (2008-2017 -últimos datos dispoñíbeis-) emigraron de Galiza 216.413 persoas con idades comprendidas entre os 16 e 54 anos, idades nas que se concentran a maior parte das persoas demandantes de emprego.*

*Nese período 79.529 persoas con idades comprendidas entre os 16 e os 29 anos abandonaron o noso país. Mozas e mozos que ante a falta de perspectivas de realización persoal e laboral tiveron que coller a maleta para se gañar a vida fóra. Unha sangría para unha sociedade que criou e formou a unha xeración para que o seu coñecemento e o seu traballo contribúa ao progreso doutras sociedades en vez de reverter no país.*

*A emigración mesmo está a poñer en perigo a propia viabilidade de Galiza. O impacto da emigración é evidente no noso devalo demográfico e no avellentamento da poboación.*

*A poboación activa de Galiza (persoas entre 16 e 65 anos que están traballando ou buscan emprego) representa menos da metade da poboación total.*

*Na época na que Rosalía escribiu Pra a Habana! a poboación de Galiza representaba o 11,5% da poboación total do Estado español e a súa densidade de poboación duplicaba a media estatal. En 1900 a porcentaxe descendera ao 10,64%. En 1950 situábase no 9,26% e en 2018 era só do 5,74%. É dicir, o peso relativo da poboación de Galiza no Estado español reduciuse á metade e en 2018 a nosa densidade de poboación situouse por vez primeira por baixo da media.*





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

*Algúns xa denominan a esta realidade "a Galiza mingüante" e se non lle poñemos remedio a esta sangría poboacional, significará a morte a medio prazo de Galiza como ente colectivo.*

*A condición periférica e subordinada da nosa economía, a destrución de parte importante da nosa base produtiva, a precariedade no emprego e a ausencia de políticas ambiciosas de igualdade e fomento da conciliación están na base do devalo demográfico do país e o aumento da emigración.*

*Por todo o devandito o Pleno do Concello adopta os seguintes acordos:*

*-Dirixirse ao Parlamento de Galiza para que tome en consideración a emigración como un drama social e nacional, conciba este problema como unha emerxencia nacional e outorgue prioridade ás políticas que ataquen as súas causas, instando á Xunta de Galiza a impulsar políticas que aseguren o dereito a un traballo digno na terra e creen as condicións para favorecer o retorno das nosas persoas emigradas,*

*-Instar ao Parlamento de Galiza a constituír no seu seo unha ponencia sobre a emigración galega, co obxecto de que, no prazo máximo de cinco meses, estude e propoña as medidas e políticas necesarias para rematar con este drama que ao longo da historia e actualmente golpea ao Pobo Galego.*

*-Deben ser eixos destas políticas:*

*-A defensa da base produtiva do país e dunha economía autocentrada, que mobilice os enormes recursos do país para xerar emprego e riqueza en Galiza.*

*-A creación de emprego digno e de calidade.*

*-O desenvolvemento de políticas sociais que aseguren a igualdade e favorezan a conciliación da vida laboral e familiar.*

*-O compromiso desde o goberno municipal con políticas que promovan e lle dean forza aos sectores estratégicos e ao tecido industrial de Galiza, nomeadamente o agro gandeiro, forestal, marítimo-pesqueiro, enerxético e das TIC."*

Rematada a lectura da moción o Sr. Alcalde, abre primeira quenda de intervencións. Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que se recollen a continuación:

O concelleiro do Grupo BNG, Sr. Varela Martínez, manifesta que como di a moción, a emigración é un drama social e nacional, e non noutro tempo, xa que a miña xeración continúa emigrar a Alemaña, Francia, Reino Unido, destinos aos que tiveron que emigrar persoas da súa idade e círculo máis próximo; tamén hai que falar da emigración a cidades como Madrid ou Barcelona, que é outro tipo de emigración á que moitas veces non se lle fai tanto caso por parte das estatísticas e dos medios, pero que fai o mesmo dano a esta terra; a solución ten que ser a través dunhas políticas moi diferentes ás que se están a facer ata o de agora, como a defensa da nosa economía e dos nosos sectores produtivos, políticas de creación de emprego dignas, con soldos dignos, políticas sociais que permitan vivir coa mesma calidade de vida na Galiza que en calquera outro lugar do mundo; un dos obxectivos do goberno de Cabanas, e particularmente da súa concellería, é traballar para que Cabanas cumpra eses obxectivos, pero hai que ter en conta que moita desas competencias son da Xunta de Galicia, que é quen ten que actuar para parar esta sangría; o seu voto será favorable.





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

A concelleira de AEC (Grupo Mixto), Sra. García Amor, manifesta que a moción afecta de cheo ao noso futuro e ao dos nosos fillos. Orientar as políticas municipais a comprometerse por evitar a fuxida de xente da nosa terra para estar a favor desta moción é evidente; de todos e sabido que en Galicia o envellecemento da poboación e o abandono do rural está aí, tan só hai que ver as estatísticas, polo que non podemos dicir que non a esta moción.

A concelleira do Grupo Popular, Sra. Arias Martínez, manifesta que desde o Grupo Popular o sentido do voto será en contra porque entenden que comparar a situación da Galicia actual coa de hai un século e medio é propio dun pensamento vetusto, dun discurso esgotado das ideoloxías que queren impor como única solución os muros e as fronteiras e que non teñen oco nun mundo globalizado que trae novas formas de movementos dos seus cidadáns. Se a isto lle engadimos o emprego da información de forma enganosa e parcial, atopámonos que se desempoan de novo os vellos e caducos argumentarios, nin os datos demográficos actualizados se molestan en introducir.

Nos anos aos que se fai referencia na moción, entre 2008 e 2017, o saldo migratorio co exterior que aporta o Instituto Galego de Estatística e que empregan é positivo en 45.031 persoas, é dicir, neste período Galicia recibiu máis persoas das que saíron. En concreto, se comparamos os datos da emigración externa que se recollen na moción nas franxas de 16 a 54 anos, coas entradas do exterior, o dato é positivo en 16.828 persoas. O mesmo se podería dicir entre as franxas de idade de 16 a 34 anos, no que o saldo é positivo en 9.848 persoas. Se facemos referencia ao saldo do último ano, o fluxo migratorio de Galicia foi positivo en máis de 13.000 persoas.

Se nos referimos aos datos do Padrón de Españoles Residentes en el Extranjero (PERE), a inicios de 2019, aporta dous datos especialmente significativos e positivos: redúcese o número de emigrantes, galegos nados en Galicia residentes no exterior, o que implica que Galicia está a dar oportunidades para o seu entorno. Baixou e 2.549, pasando de 154.312 a 151.763. Aumenta o número total de galegos no exterior, principalmente nados no estranxeiro, pero con interese por conservar a cidadanía española e os vínculos con Galicia, o que supón unha importante oportunidade demográfica para Galicia. Incrementouse en 3.157, de 516.489 a 519.646.

En canto á creación de emprego, o compromiso da Xunta de Galicia polo emprego de calidade é firme e decidido. A Xunta está facendo unha aposta clara pola incorporación de novas tecnoloxías, a captación de talento e unha formación adaptada ás necesidades do tecido empresarial para contar cunha Galicia máis preparada, mais innovadora e máis competitiva.

Galicia debe contar cun tecido empresarial cada vez máis forte que se anticipe aos cambios do novo modelo industrial e favorecer o talento. A Comunidade Galega está executando nestes momentos máis de 2.000 millóns de euros de investimentos no sector industrial e acaban de presentar a nova Axenda Industria 4.0, coa que prevé mobilizar 900 millóns de euros e crear 500 empregos industrias nos próximos catro anos. Galicia medra e faino sobre todo da man da súa industria: é o sector onde máis aumentou a ocupación no último ano. A máis industria, máis emprego de calidade.





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

En canto á Igualdade, dende o PP somos conscientes de que é preciso seguir introducindo melloras e concienciando á sociedade da importancia da igualdade. Por iso dende a Xunta impúlsase a igualdade con medidas obxectivas e non só con pancartas. E por iso estase traballando de xeito transversal a través da Comisión Interdepartamental de Igualdade, a Comisión Asesora de Publicidade non sexista, o Consello Galego das Mulleres, o Observatorio galego contra a violencia de xénero, o VII Plan de Igualdade de Oportunidades 2017-2020 ou o Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade.

En canto á conciliación, nos últimos dez anos Galicia duplicou o número de prazas públicas de escola infantil á disposición das familias con fillos. Na actualidade contamos con máis de 25.000 prazas públicas para coidar a nenas e nenos de 0 a 3 anos, o que supón que o ratio de cobertura ascende ao 44%, once puntos por riba da mínima recomendada pola Unión Europea.

Nesta lexislatura creáronse as casas niño, que levaron posibilidades de conciliación a lugares onde antes non as tiñan.

O concelleiro do Grupo BNG, Sra. Varela Martínez, manifesta que ao tempo que se pechan empresas como Alcoa, Endesa, Poligal ou Megasa, o partido popular fala de auxe empresarial; se todo vai tan ben na industria galega non sabe que fai a Sra. Arias manifestándose nas Pontes. Nos últimos 15 anos catrocentos mil mozos mozas galegas tiveron que marchar do país, o que supón, a modo de exemplo, que marchara toda a cidade de Vigo e Pontevedra.

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, manifesta que van falar de cousas serias. Menciona que no Servizo do Punto de Atención á Infancia de As Viñas hai tres persoas traballando e están sen cobrar, e veñen a falar aquí de teorías de emigración; di que resolvan os problemas concretos da cidadanía; pregunta si están a discutir no Pleno cousas que se teñen que debater no Parlamento.

A concelleira do Grupo Popular, Sra. Arias Martínez, manifesta dirixíndose ao Sr. Varela, que se manifestou nas Pontes pola cuarta reconversión industrial da nosa comarca; os datos mencionados se poden consultar no Padrón de Españoles residentes en el extranjero, PERE, de inicios de 2019. Reitera o compromiso da Xunta na creación de emprego a través de unidades formativas nas empresas, obradoiros de emprego, incentivos á formación e mellora de cualificación de persoas desempregadas.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, diríxese ao Sr. Pérez Sardiña para dicirlle que a súa demagogia é increíble; considera insultante mesturar unha cousa con outra e recórdalle que ata fai pouco tempo el tamén traía mocións que se debería debater noutros lugares a este Pleno.

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, por alusións, di que non está de acordo co dito polo Sr. Alcalde en canto á súa presentación de mocións; pide respecto para as persoas do público, e ten dereito a defender os dereitos e a situación complicada das traballadoras do PAI.





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, manifesta que están tratando de solucionar este tema e ten todo o respecto do mundo ás persoas que están presentes no público.

O concelleiro do Grupo BNG, Sr. Varela Martínez, manifesta, por alusións, referíndose ao concelleiro de EM, Sr. Pérez Sardiña, que solicitou un pleno extraordinario para falar do apoio a Pintos, algo que se resolve en sede xudicial, non neste Pleno.

De seguido, a Presidencia somete a votación a moción presentada por Plataforma Vía Galega, resultando sete votos a favor dos representantes do Grupo Socialista, Grupo BNG, concelleira de AEC (Grupo Mixto), e concelleiro de EM (Grupo Mixto), catro votos en contra dos representantes do Grupo Popular, e ningunha abstención, quedando aprobada a moción.

### 7. Informes de Presidencia.

#### 7.a) Resolucións da Alcaldía.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, dá a palabra á Secretaria-Interventora accidental, que expón que neste punto dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende a última convocatoria de Pleno Ordinario, dende a 887/2019, de data 20 de setembro de 2019: Convocatoria sesión Pleno ordinario ata a 1145/2019, de data 22 de novembro de 2019: Convocatoria sesión Pleno ordinario.

#### 7.b) Informe sobre a execución trimestral do orzamento 3ºT/2019.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, dá a palabra á Secretaria-Interventora accidental, que expón que neste punto dáse conta do informe de execución trimestral do orzamento remitido.

#### 7.c) Informe sobre o PMP 3º T/2019.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, dá a palabra á Secretaria-Interventora accidental, que expón que neste punto dáse conta do informe de remisión do período medio de pago a provedores, correspondente ao terceiro trimestre.

Antes de entrar no punto de Rogos e Preguntas, o concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, manifesta que ten mocións pola vía de urxencia:

Hai unha moción veciñal, presentada por tres asociacións por rexistro de entrada de data 25 de novembro de 2019 non incluía na Orde do Día; a moción pide a modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal, sendo a que a continuación se reproduce:

*“Moción veciñal*

*Pola modificación do PXOM*

*As asociacións de veciños AVEDENA con CIF: G15615065 e domicilio a efecto de notificacións na Avenida do Mar 1, nº 1, 3º D, San Valentín, Fene, a Asociación AERONIDOCAR con CIF: G70080551, con domicilio en Avenida Areal 44 (Cabanas), e a Plataforma de Defensa dos Camiños, con CIF: G700040522, con domicilio Avenida Areal 44 (Cabanas), a través dos seus respectivos representantes presentan a seguinte moción para incluír o seu debate no Pleno ordinario da Corporación de novembro de 2019, segundo os motivos de urxencia:*





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

*Motivación de Urxencia:*

1. Dado que o Pleno do Concello de Cabanas rexeitou unha proposta en setembro de 2019 sobre modificación do PXOM en curso de emenda previo á recepción do expediente pola Secretaría Xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia.

2. Dado que o seguinte pleno ordinario será dentro de dous meses e para aquel tempo con toda probabilidade xa se tería continuado o procedemento de aprobación definitiva do PXOM na Xunta de Galicia, sen que esta proposta puidese ter os seus plenos e motivados efectos.

3. Dadas as graves deficiencias que presenta o PXOM que deben ser corrixiadas sen dilación co fin de adecuar o desenvolvemento urbanístico ás alegacións das asociacións asinantes rexeitadas pola coalición PP-Agrupación de Electores en outubro de 2019.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Considerando a proposta de Marea de cabanas pola modificación do PXOM e pola ampliación e mellora dos espazos no Centro de Saúde de Cardeita e no Colexio Eladía Mariño debatida e votada no pasado mes de setembro de 2019 e as opinións expresadas no Pleno.

Considerando o incumprimento da proposta de Somos Cabanas sobre transparencia e publicación da documentación do PXOM na web municipal na súa totalidade, posto que se omitiron na publicación da web municipal de xullo de 2019 as contestacións ás alegacións segundo acordo do Pleno da Corporación de abril de 2019, cos votos de PSOE, BNG e Somos Cabanas, que expresaba no seu literal: para que a “cidadanía poida acceder ao material gráfico e ás contestacións a todas as alegacións, salvando a protección de datos establecida pola lei, para que as persoas alegantes poidan exercer os seus dereitos de xeito pleno”.

Considerando as propostas realizadas na pasada lexislatura e as opinións expresadas polos representantes municipais do PSOE e do BNG sobre o Plan de Xeral de Ordenación Municipal.

Considerando que poden introducirse modificacións nun Plan Xeral que xa se aprobou provisionalmente e se enviou á Secretaría de Urbanismo da Xunta de Galicia para a súa aprobación definitiva. Xa que o procedemento de aprobación do plan urbanístico e as súas revisións é de natureza complexa, debido a que precisa a intervención de dúas administracións diferentes en canto ao plan xeral. É o caso de Galicia, onde a Lei do Solo reconece competencias en materia de urbanismo tanto á Comunidade Autónoma como ás Entidades Locais. En todo caso, corresponde, en principio, ao Concello a aprobación inicial e a aprobación provisional dos plans de ordenación urbanística municipal que afectan o municipio. Pero a aprobación que pon fin ao procedemento de aprobación do plan (norma xurídica de carácter regulamentario) é a definitiva, que corresponde á Comunidade Autónoma.

De maneira que os acordos municipais de aprobación inicial e provisional son actos de simple trámite, respecto dos cales non procede recurso ningún a menos que impidan a continuación do procedemento. A doutrina do Tribunal Supremo (podemos citar, entre outras, as sentenzas do 4 de febreiro de 1989, do 13 de marzo de 1991), sinala que o acto de aprobación provisional dun Plan Xeral de Ordenación Urbana, ao inserirse dentro dun procedemento preparatorio da resolución final, é un acto de trámite, que non pon fin á vía administrativa, a cal, se consuma coa aprobación definitiva do Plan, trámite posterior do que depende a eficacia dos Plans e que, polo tanto, constitúe a fase verdadeiramente creadora de dereitos e obrigacións.







## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

*En conclusión, o Pleno do Concello pódelle reclamar o expediente á Comunidade Autónoma antes de que esta proceda á aprobación definitiva e revogar os acordos de aprobación inicial e provisional do plan urbanístico. E isto, motivado na vontade municipal de introducir modificacións no documento que foi obxecto de aprobación inicial e provisional, para o que se debe incoar novamente o procedemento de modificación do para sometelo a información pública e aos demais trámites que legalmente procedan.*

*Por todo isto, propoñémoslle á Corporación Municipal que ACORDE:*

*Iniciar os trámites para reclamarlle á Xunta de Galicia o expediente do Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado provisionalmente en outubro de 2018, antes de que proceda á aprobación definitiva, e para revogar o acordo de aprobación provisional do Plan Xeral con motivo de introducir modificacións relativas a alegacións e propostas de xeito participativo.”*

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, manifesta que, non hai informe técnico que poda ratificar esta moción e xa se falou noutros Plenos; subscribe que non ven a necesidade de volver a levar os mesmos puntos ao Pleno.

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, manifesta que no anterior pleno contestaron que isto non era posible.; subscribe que se informaron sobre a situación e as súas repercusións; di que existe un caso idéntico nunha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, sentenza 1204/2008; naquel concello procederon á derogación inicial e provisional e o Tribunal deulle a razón; en opinión do Tribunal o concello exerceu un procedemento de competencias propias. Por este motivo encontran positiva e urxente esta moción presentada por tres asociacións inscritas no Rexistro Municipal de Entidades do Concello.

A concelleira do Grupo Popular, Sra. Arias Martínez, manifesta que desde o Grupo Popular, en coherencia co manifestado no Pleno de setembro votarán en contra, esperando a que transcorran os prazos necesarios.

O concelleiro do Grupo BNG, Sr. Varela Martínez, manifesta que en setembro se fixo unha exposición do Plan Xeral; actualmente o Plan Xeral está na Xunta e temos que esperar a que o devolvan para introducir cambios ou modificacións; na súa opinión o método que plantea esta moción é bastante arriscado, irregular, considerando persoalmente que é ilegal; e levar a cabo un acto administrativo sabendo que é ilegal é prevaricación.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, abre unha segunda quenda de intervencións.

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, manifesta que se falan de ilegalidade deberíanlle contestar ao Valedor do Pobo co tema do PXOM, e non o fan, estando fóra da legalidade neste caso; presentan esta moción de urxencia porque leron parágrafos dunha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, onde se argumenta como ten que actuar un concello no mesmo caso que o proposto; no mes de marzo a Xunta fixo un requirimento de subsanación de documentación para a súa integración no PXOM; hai que sen queda con unha consulta técnica, pero non fai unha consulta xurídica; manifesta que se queren coller o PXOM do Partido Popular e aprobalo están no seu dereito, pero dígaos publicamente.





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

O concelleiro do Grupo BNG, Sr. Varela Martínez, manifesta que no pleno de setembro deu explicacións claras da situación do PXOM; reitera que están pendentes de recibir informes sectoriais e que o goberno explicou o seu posicionamento; subscribe que intentarán introducir todos os cambios que se podan cando sexa o momento.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, manifesta que ao Valedor do Pobo se contesta sempre.

A continuación a Presidencia somete a votación a urxencia da moción presentada polo concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, resultando un voto a favor do concelleiro de EM (Grupo Mixto), dez votos en contra dos representantes do Grupo Popular, Grupo Socialista, Grupo BNG e concelleira de AEC (Grupo Mixto), resultando rexeitada a urxencia da moción.

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña presenta unha segunda moción de urxencia, pola derogación da Ordenanza de condutas cívicas no presente ano.

O Sra. Alcalde, Ladra Brage, solicita ao concelleiro de EM, Sr. Pérez Sardiña que expoña a moción.

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, manifesta que o Pleno da Corporación aprobou o 27 de setembro de 2012 a Ordenanza de promoción de condutas cívicas, publicada o 23 de abril de 2013 no BOP. Nunca a cidadanía de Cabanas mereceu estar tutelada con sancións administrativas de ata 30.000 euros ou con prohibicións absurdas, contra a liberdade de expresión, que garante a Constitución o Estatuto de Autonomía de Galicia. No ámbito legal foi derogada a Lei 1/1992, de 21 de febreiro, de protección de Seguridade Ciudadana, sobre a que se basean estas sancións da Ordenanza; a xurisprudencia anula varios artigos de dita Ordenanza, polo que nos atopamos cun texto inaplicable legalmente.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, roga ao Sr. Pérez Sardiña que presente dita moción por rexistro para debater no Pleno de xaneiro.

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, manifesta que é unha decisión política; subscribe que están no dereito de presentala pola vía de urxencia, xa que agora as mocións deben estar presentadas quince días antes do Pleno

A continuación a Presidencia somete a votación a urxencia da moción presentada polo concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, resultando un voto a favor do concelleiro de EM (Grupo Mixto), dez votos en contra dos representantes do Grupo Popular, Grupo Socialista, Grupo BNG e concelleira de AEC (Grupo Mixto), resultando rexeitada a urxencia da moción.

### 8. Rogos e preguntas.

A concelleira do Grupo Popular, Sra. Arias Martínez, pregunta sobre a situación do PAI, entenden que é unha situación moi preocupante pola atención aos nenos e ás familias, e pola situación precaria en que se atopan as traballadoras; no Pleno ordinario de setembro a concelleira de servizos sociais comentaba que en principio non se ía a rescindir o contrato





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

administrativo coa empresa ata que non se producise unha situación de gravidade; dende o PP entender que a situación é de suma gravidade e pregunta ata cando se vai a continuar con esta situación.

A concelleira do Grupo Socialista, Sra. Rodríguez Fernández responde que no anterior Pleno o que contestou foi que non existía unha situación grave como para resolver o contrato; a situación a esta data é que, debido aos incumprimentos laborais da empresa Novo Alicerce SL, adxudicataria do servizo do Punto de Atención á Infancia das Viñas, así como outros incumprimentos do servizo, ante a negativa da empresa adxudicataria de resolver o contrato de mutuo acordo, incoou un expediente de resolución de contrato. Este trámite ten uns prazos que hai que cumprir.

A concelleira do Grupo Popular, Sra. Arias Martínez, manifesta que lles chegaron numerosas queixas sobre o estado do alumeadado público, que deron numerosos avisos e a situación segue sen resolverse; tamén problemas de mantemento en xardíns e camiños.

A concelleira de AEC (Grupo Mixto) Sra. García Amor, responde que os problemas de alumeadado foron graves porque houbo unha tormenta grande e fundíronse varias placas, tamén dos semáforos; a concelleira di que intentou que se solucionasen canto antes; manifesta que se fixo unha limpeza de cunetas para que non se acumulara auga cos temporais.

A concelleira do Grupo Popular, Sra. Arias Martínez, manifesta que só hai que darse un paseo por Pedra do Couto, Formarís, Soaserra, Regoela para ver o seu estado; hai unhas semanas presentaron un escrito para arranxo de camiños mediante a súa inclusión nas obras do POS+, preguntando se o terán en consideración.

A concelleira do Grupo Socialista, Sra. Rodríguez Ferreiro, responde que si o terán en conta.

A concelleira do Grupo Popular, Sra. Arias Martínez, manifesta que levan varios meses as cintas amarelas no piñeiral. Pregunta canto tempo máis van a estar e en que situación se atopa o informe técnico proposto pola Alcaldía, así como quen o redactará.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, responde que o estudo do piñeiral adxudicouse a empresa Arbogal, unha empresa especializada en estudos forestais; comezarán o estudo en decembro e sobre xaneiro ou febreiro teremos un informe detallado de cada unha das árbores do piñeiral.

A concelleira do Grupo Popular, Sra. Arias Martínez, pregunta pola subvención do Camiño Inglés Porta de América.

O concelleiro do Grupo BNG, Sr. Varela Martínez, responde que esa subvención supoñía un investimento demasiado elevado por parte do Concello de Cabanas para un proxecto total de 20.000 euros, para que viñeran influencers de Estados Unidos, México e outros países a pasar aquí uns días aquí; consideramos que ese investimento non era acorde coas necesidades que ten este Concello polo que rexeitamos esa subvención e apostamos por dedicar eses cartos a outros proxectos turísticos máis interesantes para o noso concello.

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, manifesta que as traballadoras do Punto de Atención á Infancia seguen sen cobrar, cunha situación moi precaria, preguntando





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

que medidas están adoptando ao respecto para protexer os dereitos das traballadores, así como da traballadora despedida.

A concelleira do Grupo BNG, Sra. González Grueiro, responde que en canto ao tema do despedimento da traballadora do PAI comenta que desde o primeiro momento tivo todo o apoio do grupo de goberno, asesorouse á traballadora para que presentara a denuncia por despido improcedente, se reuniron coa empresa e coa traballadora para intentar volver atrás ese despedimento, pero a empresa persistiu en que era un despedimento por causas obxectivas e quen ten a capacidade de decisión sobre a contratación das traballadoras é a empresa, non o Concello de Cabanas; subscribe que fixeron o que podían facer, que foi intentar rescindir o contrato de mutuo acordo e, á vista da negativa da empresa adxudicataria para resolvelo de mutuo acordo, incoouse o expediente de resolución do contrato. Manifesta que non son traballadoras do Concello, senón dunha empresa que presta servizos ao Concello. Están a facer o posible para que ese contrato se rescinda e se poda licitar novamente e por convenio teñen o dereito de subrogación.

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, pregunta sobre o resultado da inspección da Xunta de Galicia en relación a deficiencias na prestación do servizo do PAI.

A concelleira do Grupo Socialista, Sra. Rodríguez Fernández, responde que houbo dúas inspeccións, unha de sanidade e outra da Xunta. Houbo algunhas deficiencias de seguridade, que quedaron solucionadas na mesma semana; a maiores había outras deficiencias por parte da empresa, en relación aos xoguetes non aptos para nenos de 0-3 anos, produtos de limpeza que deberían estar fóra do alcance dos nenos; con respecto a Sanidade detectouse que a porta da cociña estaba aberta, cando non debería; remata a intervención dicindo que todo foi solucionado.

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, pregunta si Novo Alicerce vai a seguir traballando ata finalizar o contrato.

A concelleira do Grupo Socialista, Sra. Rodríguez Fernández, responde que non, que está en trámite un expediente de resolución de contrato; que ese expediente ten uns prazos que non se poden acortar, a non ser que elas decidan resolver o contrato de mutuo acordo, que sería a opción máis desexable para todos. Continúa que se están a rexistrar todos os incumprimentos por parte da empresa para que quede constancia no expediente.

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, suxire que para a próxima vez analicen con maior detalle cales son as consecuencias de determinados compromisos que adquiren, aínda que sexa de forma verbal, porque a contestación que deu no mes de setembro non ía na mesma liña que a de agora.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, requírelle ao Sr. Pérez Sardiña que faga a súa pregunta.

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, pregunta á concelleira Sra. Rodríguez Fernández se mantén as palabras que dixo no Pleno do mes de setembro.

A concelleira do Grupo Socialista, Sra. Rodríguez Fernández, manifesta que cando dixo que non había puntos de gravidade como para resolver o contrato, manifesta que nese momento





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

non había ningún escrito que manifestase o contrario; continúa dicindo que co despido dunha das mestras solicitaron unha xuntanza coas mestras, a empresa e as familias; comunicouse ás familias que todas as queixas tiñan que estar por escrito; xuntáronse moitos escritos de queixas, e grazas a eses escritos xunto cos impagos de nóminas ás traballadores puidemos incoar o expediente de resolución de contrato.

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, pregunta sobre as axudas por libros de texto; no pleno do mes de setembro aprobouse unha proposta para abrir un expediente de creación dunha ordenanza para a axuda para libros de texto; agora mesmo non é posible aprobar esa ordenanza para que entre en vigor este ano; pregunta se van sacar unha liña de axudas pública para adquisición de material escolar para os escolares deste concello.

A concelleira do Grupo Socialista, Sra. Rodríguez Fernández, responde que si, que a axuda por material escolar e compra de libros é necesaria, e que intentará aprobarse para o ano que ven.

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, suxire que pode facerse pola vía de decreto se hai consignación na partida correspondente, porque a estas alturas a ordenanza non vai entrar en vigor, e nesa liña están dispostos a traballar conxuntamente.

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, manifesta sobre que o Valedor do Pobo reclamou a este Concello información sobre o PXOM; o concello non enviou a documentación e o Valedor do Pobo vai a reiterar esa petición; pregunta que motiva o non traslado da documentación requirida.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, reitera que os escritos ao Valedor do Pobo si se contestan; se puntualmente non se contestou pode ser debido a un erro.

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, en relación ao estudo técnico da situación do piñeiral, pregunta cales son os obxectivos que se pretenden acadar con dito estudo do piñeiral

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, responde que o que se quere conseguir é saber o estado actual do piñeiral, en que estado se atopa cada árbore, para saber as medidas a adoptar e o seu mantemento.

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, pregunta sobre o semáforo do Areal, que despois de estar avariado en setembro volveu a ficar sen funcionamento durante quince días; entenden que é un imprevisto ocasionado pola tronada, pero preguntan sobre o motivo da tardanza na súa reparación.

A concelleira de AEC (Grupo Mixto), Sra. García Amor, responde que o semáforo ten unha tarxeta moi antiga, hai que pedir a Madrid os recambios e tardan bastante; están pensando cambiar a instalación para que as reparación sexan máis áxiles.

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, suxire que se faga unha provisión dalgunha ficha máis para evitar que se tarde tanto tempo na reparacións.





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

A concelleira de AEC (Grupo Mixto), Sra. García Amor, responde que non é unha ficha, é unha tarxeta, e non as hai de fábrica, que a teñen que facer.

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, pregunta si lle consta ao goberno local o último atropelo que tivo lugar nese paso de peóns.

A concelleira de AEC (Grupo Mixto), Sra. García Amor, responde que non lle consta ningunha acta de atestados nin chamada a protección civil.

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, manifesta que recibiron queixas dous usuarios do centro de saúde pola entrada de follas no mesmo que chegaron ata o mostrador, preguntando se coñecen esa situación e que medidas teñen pensado adoptar.

A concelleira de AEC (Grupo Mixto), Sra. García Amor, responde que si o coñece e se procedeu á limpeza do mesmo o mesmo día das queixas.

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, manifesta que recibiron queixas sobre unha árbore caída na Pedra do Couto, preguntando que fixo o Concello neste asunto.

A concelleira de AEC (Grupo Mixto), Sra. García Amor, responde que está separado do viario público e se notificou ao particular.

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, pregunta se foi retirado polo concello.

A concelleira de AEC (Grupo Mixto), Sra. García Amor, responde que si, que estaba na vía pública.

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, manifesta que os maderistas cortan camiños municipais, sen sinalizar, poñendo madeira en terreo municipal, como sucedeu en Soaserra.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, responde que non ten coñecemento de que se corten camiños municipais, que puido pasar nun momento puntual.

O concelleiro do Grupo BNG, Sr. Varela Martínez manifesta que veu esa queixa nunha rede social, que non é a maneira oficial, e á persoa que o publicou se lle explicou o procedemento que había que seguir para facer esas denuncias; di que o Concello non se desentende as súas funcións pero ten que ter información e que nas canles de información do concello sempre se responde á veciñanza.

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, insiste en que se colocou madeira en terreos municipais e que non actuaron.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, responde que non teñen constancia, que o revisarán e que lle darán unha resposta.

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, pregunta sobre as inundacións producidas por fenómenos meteorolóxicos que solucións vai adoptar o goberno local en canto ás incidencias.





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

A concelleira de AEC (Grupo Mixto), Sra. García Amor, responde que se produciron varios atascos en algúns rexistros, ocasionados ditos atascos polas follas; que se revisaron as cunetas coa cuadrilla municipal e deron traslado a Viaqua de varias incidencias; subscribe que é un traballo diario.

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, pregunta en que zonas estiveron actuando.

A concelleira de AEC (Grupo Mixto), Sra. García Amor, responde que en Soaserra, Xicos, Laraxe, Nacional, se pasou aviso a Fomento para que fixeran unha limpeza desa vía, pasouse aviso á Deputación en relación cun viario en Regoela; fíxose limpeza tamén no Paseo da Madalena e na zona do Areal.

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, manifesta que no Camiño Tras da Vila estanse producindo derrubamentos de terra e lousa, preguntando que medidas están a adoptar desde o goberno local.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, responde que o arquitecto municipal está elaborando un informe sobre o muro de contención para ver a situación e as medidas a adoptar.

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, en relación ás verteduras, pregunta que actuacións realizou o goberno local tras as queixas dun arqueólogo e se detectaron máis verteduras na zona.

O concelleiro do Grupo BNG, Sr. Varela Martínez, responde que se tramitaron as correspondentes denuncias, que se comunicou aos propietarios, e que están traballando coas autoridades no seguimento dos mesmos, así como noutro que se detectou en Soaserra.

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, suxire que nesa zona de verteduras vaian retirar unha nova vertedura que se produciu esta semana, na zona da Areira.

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, en relación aos traballadores municipais, saben que se vai a xubilar un tractorista, e había unha situación complicada en axuda a domicilio por baixas e outras incidencias, polo que preguntan en a situación en que se atopan os servizos municipais de obras e servizos e axuda a domicilio.

A concelleira do BNG, Sra. González Grueiro, reponde que o tractorista xubilarase o día catro, estando actualmente desfrutando vacacións, e está unha persoa contratada pola bolsa de emprego no seu lugar. En canto ao servizo de axuda a domicilio están a mirar coa empresa Virxe do Carme para que se cubran algunhas horas que non se poden prestar coas bolsas de horas que teñen as traballadoras municipais.

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, pregunta sobre a roza de camiños na contorna das vivendas, preguntando cando se contratou á empresa para o servizo de roza e que actuacións de loita contra o lume se realizaron a través desa contratación.

A concelleira de AEC (Grupo Mixto), Sra. García Amor, responde que lle contestará no próximo pleno, que non ten os datos nese momento.





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, pregunta desde que entraron no goberno que contratos de servizos concesionados foron prorrogados.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, responde que de momento ningún, que estaban en prórroga tácita cando entraron no goberno.

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, en relación á normativa de regulamentos publicada na desde electrónica para exposición pública, pregunta cantas suxestións presentou á cidadanía aos regulamentos de feiras e participación veciñal

O concelleiro do grupo BNG, Sr. Varela Martínez, responde que ningún.

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, pregunta a que creen que foi debido un número tan baixo de suxestións e si cree o goberno que foron estes documentos accesibles para toda a cidadanía.

O concelleiro do grupo BNG, Sr. Varela Martínez, responde que están na sede electrónica e na páxina web e se a xente non participa e porque non quere.

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, responde que a Xunta de Galicia na tramitación das súas leis, así como outros concellos, colga directamente a normativa na súa páxina web, sendo accesible directamente sen ter que identificarse con DNI electrónico ou certificado dixital.

O concelleiro do grupo BNG, Sr. Varela Martínez, reitera que está publicado na sede electrónica e na páxina web.

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, en relación ao accidente do pasado 7 de agosto, chegou un informe da policía xudicial, pregunta si pode explicar no que se explica nese documentos.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, reponde que a policía científica non viu ningún indicio de intencionalidade no accidente e quedaba arquivada.

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, pregunta pola iluminación pública, xa que en Formarís, na Casilla e no Penso hai algunhas farolas que están apagadas e non saben cales son os motivos, polo que suxiren que as substitúan.

A concelleira de AEC (Grupo Mixto), Sra. García Amor, responde que no Penso levou tempo a reparación xa que tivo que pedir permiso a empresa para a reparación na nacional, e apunta a avaría en Formarís.

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, di que tamén hai outra avariada en Laraxe.

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, en relación ao POS+ pregunta si hai período para facer propostas ou está rematado.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, responde que pode facer propostas sen ningún problema.

Rematadas as preguntas, o Sr. Alcalde, da a palabra a unha das traballadoras do PAI que se atopan no público, que expón que a situación que están a sufrir no seu posto de traballo,







## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

motivada polos incumprimentos de pago de salarios, así como polos incumprimentos en canto ao servizo de limpeza no mesmo.

A concelleira do Grupo Socialista, Sra. Rodríguez Fernández, responde que no seu momento se acordou que o concello asumiría o servizo de limpeza e que posteriormente se repercutiría á empresa. Notificouse pola Alcaldía á empresa Novo Alicerce SL que de non adoptar as medidas de limpeza precisas na seguinte xornada laboral sería o concello que as asumise, co traslado do seu custo á empresa adxudicataria. A empresa púxose en contacto coa súa traballadora e procederon á limpeza. Prosigue a intervención, referíndose ás inspeccións de sanidade e da Xunta, dicindo que si tiñan coñecemento da inspección da Xunta, pero que a inspección de Sanidade apareceu de imprevisto; que lle preguntaron se alguén o chamara e dixo que non, que tiña asignada esta zona ese día. Reitera que desde o concello se está a facer todo o posible para resolver a situación.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, responde que desde o concello se está a traballar diariamente para dar unha solución ao Punto de Atención á Infancia e para poder resolver dito contrato de mutuo acordo, xa que a mellor opción. Manifesta que se a empresa Novo Alicerce SL se opón á resolución do contrato de mutuo acordo o concello está obrigado a cumprir uns prazos en dito procedemento administrativo de resolución.

A continuación a Presidencia levanta a sesión, sendo as 22:00 horas, da cal estendo a presente acta, a cal se une como Anexo a gravación sonora, e do que eu como Secretaria accidental, dou fe.

Vtº e prace.  
O Alcalde

A Secretaria accidental,

